

A NOSA CULTURA: OS MAIOS

Cando chega a primavera celébrase por toda Galicia a festa dos Maios, para despedir o inverno e festexar a aparición dos primeiros froitos e flores. O máis típico é celebrala a primeira fin de semana de maio.

ORIXES

As súas orixes establécense xa na prehistoria, xa que os homes dese tempo celebraban a fin do ciclo de choiva e a chegada do sol, que facía brotar as sementes e enchía as terras de alimentos. Tamén os celtas realizaban diversos rituais relacionados con este cambio no ciclo anual.

Como primeiras celebracións "rexistradas" temos as dos gregos e os romanos. Os primeiros incluso crearon un mito para xustificar o cambio estacional: Perséfone, filla de Deméter (deusa da fertilidade e da terra) foi raptada polo deus do mundo subterráneo, Hades. Pero este deixa a Perséfone ir visitar a súa nai todos os anos despois do inverno. A nai, para celebrar o reencontro coa súa filla, enche a terra de flores e campos verdes.

Tamén en Roma se celebraba este cambio de estación, eran as festas de "A Maia" para purificar os campos e que desen boas colleitas (de aí vén o nome do mes de maio).

Coa chegada do cristianismo, e como pasou con moitas mais celebracións do noso calendario, esa festa cristianizouse, e por iso se celebran en moitos lugares festas relixiosas (Santa Cruz, Santo Tomé...)

CELEBRACIÓNS ACTUAIS

Ese día fanse Os Maios, que son construcións feitas con ramas, flores, froitos... e cántanse coplas.

Todo maio precisa levar ~~fiuncho, margaridas, ovos baleiros e laranxas~~, ademais de todos os elementos vexetais que lle queiran engadir.

Hai dous tipos de Maios, os tradicionais de forma cónica e outros moi artísticos, que son verdadeiras esculturas vexetais e imitan cruceiros, monumentos...

Arredor dos Maios, a xente canta coplas, golpeando uns paus para marcar o ritmo. Na maioría dos casos son "satíricas", critican cousas que pasaron na vila, pero sen ofender a ninguén e con moito sentido do humor.



MAIO TRADICIONAL



MAIO ARTÍSTICO